



Personal sanitario apunta a un incremento preocupante de xestos autolíticos entre a poboación nova.

A psicoloxía urxe máis medios "pero non para facer máis do mesmo"

## Profesionais piden reforzar a prevención comunitaria en saúde mental na mocidade

Susana Rois | Nós Diario

Ás portas do Día Mundial da Saúde Mental, 10 de outubro, profesionais da saúde mental poñen o foco no malestar de crianzas e adolescentes, nun momento en que a maior visualización do seu sufrimento chama a traballar máis desde a prevención, pero tamén a mudar a resposta social e asistencial ás súas inquedanzas.

"En saúde mental trabállase realmente pouco en prevención. O que se fai é detección e intervención. E a detección en consulta é lenta porque a demanda é tremenda e os medios na sanidade pública son escasos". Ricardo Fandiño é vogal da Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía da Galiza, psicólogo clínico e coordinador de ASEIA, a Asociación para a Saúde Emocional na Infancia e na Adolescencia. O seu diagnóstico é preciso e ambicioso. Foxe da espectacularidade para chamar a atención sobre a necesidade de abordar o malestar psíquico da poboación máis nova desde a comunidade e a prevención. "Se non queremos estar desbordados constantemente con longas listas de espera -de

entre seis e nove meses, de media tanto na pública como na privada o que hai que facer é traballar en prevención. Só iso permitirá avanzar na detección, facer un mellor cribado inicial e anticipar que nenos, nenas e adolescentes requieren unha intervención intensiva" antes de a súa problemática se agrave ou se consolide.

### Unha resposta diferente

Segundo datos do Movemento Galego para a Saúde Mental a Galiza contaba en 2018 con 98 profesionais da psicoloxía clínica. A día de hoxe, persoal do Sergas eleva esta cifra até os 129, dous menos dos previstos polo Plan de saúde mental da Galiza a finais deste 2022 e 11 por baixo dos que prevé ao cabo de 2024.

A sanidade pública está a incorporar máis persoal, pero non abonda. "Necesitamos máis profesionais na saúde mental, psicólogos clínicos e psiquiatras, pero non para facer máis do mesmo, para dar unha resposta asistencial individual, senón para ir virando cara un modelo de intervención comunitaria", alenta Fandiño, o que implica traballar máis onde está a rapazada: na escola e no contorno familiar, e en contacto coa poboación xeral.

Ricardo Fandiño observa un desprazamento das demandas en materia de saúde mental infantoxovenil. Hai anos o motivo principal de consulta era o mal comportamento asociado a conductas disruptivas, impulsivas, desafiantes. "Agora vemos unha demanda que ten que ver máis coa depresión, coa ansiedade, problemáticas más internalizadas, desde crises de ansiedade até a aparición de autolesións".

Isto, di, vese moi ben no contexto escolar, onde a preocupación aumenta ao mesmo ritmo que a detección. Hai unha maior sensibilidade, que tamén por "axentes de saúde e planes de prevención de suicidio" nas aulas, dous recursos anecdóticos até hai pouco. Os problemas de saúde mental entre a poboación moza están a aumentar. "Comezamos a velo tras o proceso de confinamiento e retirada da rapazada do medio social". Foi un punto de inflexión nun momento moi marcado polo cambio, "por cuestións que afectan os máis novos de forma directa, que marcan as súas inquedanzas e que requiren respostas moi diferentes pola nosa parte". Fandiño refírese aos profesionais da saúde, mais tamén ás familias e á sociedade.

"Temos que recuperar a conversa, o tempo de ocio compartido, implicarnos con eles, deixarnos asesorar". E apunta varias cuestións clave: o uso da internet, a construcción da súa identidade nas redes e entre o grupo de iguais; a eclosión da igualdade de xénero e da diversidade sexual, unha perspectiva de futuro chea de incertezas que inclúe a crise climática. "Os profesionais da psicoloxía deberíamos ter espazos nos que dirixirnos á poboación e ás familias, onde reflexionar e traballar para identificar de forma temperá os seus problemas de saúde mental".

## O futuro do xornalismo en lingua galega, a debate

Redacción | Nós Diario

O Consello da Cultura Galega organiza a xornada 'Realidade e perspectivas de futuro dos medios de comunicación en galego en soporte papel' o vindeiro 10 de outubro no Pazo de Raxoi. O evento busca "dar a coñecer e analizar a realidade actual dos medios de comunicación escritos en galego en formato papel, a súa resistencia e a súa adaptación nun contexto fortemente marcado pola digitalización e pola crise económica".

Segundo explica o Consello, esta "adaptación e supervivencia" dos medios galegos en papel implica un "cambio de modelo" non só a nivel xornalístico, no que atinxo ao tratamento e presentación da información, senón tamén a nivel de xestión económica e de audiencias, "ao mesmo tempo que se convive co formato digital".

A xornada da segunda feira contempla unha mesa redonda na que intervirá a directora de Nós Diario, María Obelleiro, que, xunto con Fernando de Paz, de Tempos Novos, Diego Elías García, de Terrachaxá; Carlos G. Herolla, de O Sí; e Guillermo Rodríguez Fernández, de A Peneira, conversarán sobre as "experiencias de medios escritos en galego en formato papel".

### Servizo de Patrimonio e Contratación ANUNCIO DE PROCEDIMENTO ABIERTO

MELLORA DE INSTALACIÓNS, ILUMINACIÓN E ELÉCTRICA, DATOS, SDN, INTRUSIÓN, PROTECCIÓN CONTRA RAÍS E INCENDIOS DO CASTELO DE VIMIANZO (CONCELLO DE VIMIANZO). (SEGUNDA LICITACIÓN)

Presupuesto: 75 353,29 € IVA incluído Prazo de execución: 2 meses Información Servizo de Patrimonio e Contratación. Perfil do contratante da Plataforma de Contratación do Sector Público en <http://contratacion.gob.es/2013/>

Proposicións: Poderán presentarse telemáticamente na Plataforma de Contratación do Sector Público, ata o dia 31 de outubro de 2022 (23:59 horas)

O PRESIDENTE, Valentín González Formoso O SECRETARIO ACXTAL, Miguel Iglesias Martínez

### SERVIZO DE VÍAS E OBRAS

ANUNCIO DQ CORTE AO TRÁFICO DA ESTRADA DP-7802, ROXOS A REBORIDO. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Con motivo da execución das obras do Plan de Inversións de Vías Provinciales 2019 Terceira Fase "AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA DP 7802 ROXOS A REBORIDO, PQ. 0+390 A 2+620." (2019.110.0007.0), procederáse no período comprendido entre os días 10 de outubro e 21 de novembro do ano en curso ao corte do tráfico da estrada DP-7802, ROXOS A REBORIDO, entre o PQ 1-700 e o PQ 2+120, no Concello de Santiago de Compostela.

O PRESIDENTE, Valentín González Formoso O SECRETARIO ACXTAL, Miguel Iglesias Martínez